

Concellaría de Servizos Sociais




TALLERES DE INGLÉS PARA A MOCIDADE VERÁN 2015

INFORMACIÓN XERAL.

Rede de Centros Cívicos Municipais.

Teléfono de información cidadá 010.

PÁXINA WEB: www.serviciosociales.coruna.es



CARACTERÍSTICAS E OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE

Diferentes actividades encamiñadas a practicar inglés dunha forma divertida e amena.

Os talleres desenvolveranse empregando o idioma inglés en todo momento como lingua de comunicación e centraranse na comprensión oral e auditiva.

OBXECTIVOS

- Mellorar a comprensión da lingua falada, fomentando a conversación entre os participantes, empregando unha ampla variedade de recursos: multimedia, música, vídeos...
- Mellorar a pronuncia.
- Aumentar o vocabulario e as expresións coloquiais.
- Coller seguridade ao falar e perder o medo a equivocarse.
- Que os participantes interaccionen entre si en inglés e considérenos como algo natural.
- Fomentar la convivencia e o aproveitamento do tempo de lecer entre os mozos e mozas.

CARACTERÍSTICAS

- Cada taller terá unha duración de dúas horas, en horario de 11 a 13 horas.
- Relizarase unha saída fóra do municipio da Coruña en autobús para todos os grupos de cada quenda, nun horario aproximado de 10:30 a 20:00 horas, onde primará o carácter lúdico, pero mantendo o inglés como lingua de comunicación.
- A participación na saída quedará condicionada o cumprimento dos requisitos establecidos.
- Os profesores e os monitores serán nativos ou bilingües.
- A cota de inscrición inclúe a docencia, o transporte da saída-excursión e o seguro de responsabilidade civil.

NON inclúe as comidas.

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- Ter a idade establecida para participar no taller.
- Ter aprobada a asignatura de inglés no ensino secundario obrigatorio (ESO), o que deberá ser acreditado no intre da inscrición.
- Terán preferencia os mozos e mozas empadroados no Concello da Coruña.
- En cada impreso de preinscrición poderán solicitar como máximo 2 quendas indicando a orde de preferencia e o Centro Cívico. Se se detectara máis dun impreso de solicitude para a mesma persoa, serán anuladas todas as solicitudes que teña presentado.
- A Concellaría de Servizos Sociais, poderá reservar o 20% do total das prazas ofertadas para destinalas a persoas beneficiarias de programas sociais.
- No momento da preinscrición asignarase un número a cada solicitude, que servirá para o sorteo.
- Unha vez finalizado o prazo de preinscrición realizarase o sorteo e publicarase a lista de persoas admitidas e a lista de espera.
- No caso de non formalizar o pago nas datas e horarios establecidos perderase o dereito á praza.
- Unha vez realizada a inscrición non se terá dereito á devolución da cota, salvo incumprimento do servizo.
- Se o servizo correspondente detecta que os datos facilitados na solicitude non son certos, a solicitude non se terá en conta.
- No intre da inscrición serán entregados, cubertos, os cuestionarios e as autorizacións necesarias para a participación no taller.
- A inscrición supón o estrito cumprimento do horario e demais normas de organización. O seu incumprimento implicará a perda da praza e da cota aboada.

TALLERES DE INGLÉS PARA A MOCIDADE - VERÁN 2015

PREINSCRICIÓN



Días: 20 e 22 de xuño.
 Horario: 10:30 - 13:30 e 17:00 - 20:00 horas.
 Lugar: Centro Cívico da Cidade Vella. Rúa Veeduría, nº 2 (antigo edificio do Goberno Militar).

SORTEO



Día 22 de xuño, ás 20:05 horas, no Centro Cívico da Cidade Vella.

PUBLICACIÓN DE LISTA DE ADMITIDOS E DE ESPERA



Día 30 de xuño.
 Rede de Centros Cívicos Municipais.
 Teléfono de información cidadá 010.
 www.serviciosociales.coruna.es

INSCRICIÓN



Días: 1 e 2 de xullo.
 Horario: 10:30 - 13:30 e 17:00 - 20:00 horas.
 Lugar: Centro Cívico da Cidade Vella.



REUNIÓN INFORMATIVA COS PAIS E NAIS

O 2 de xullo as 20:15 no Centro Cívico da Cidade Vella



INSCRICIÓN EN LISTA DE ESPERA

A partir do 3 de xullo avisarase telefónicamente aos inscritos na lista de espera.



INFORMACION:
 Rede de Centros Cívicos Municipais
 Teléfono de información cidadá 010.
 www.serviciosociales.coruna.es

TALLERES DE INGLÉS PARA A MOCIDADE - VERÁN 2015

DIRIXIDO A:

Mozos e mozas, empadroados/as no Concello da Coruña, con idades entre os 13 e os 16 anos.

LUGAR DE CELEBRACIÓN E HORARIO

Quenda 1 6 - 17 de xullo	Quenda 2 20 - 31 de xullo	Quenda 3 3 - 14 de agosto	Quenda 4 17 - 28 de agosto
Cidade Vella 1 grupo	Castrillón 1 grupo	Os Mallos 1 grupo	Cidade Vella 1 grupo
San Diego 1 grupo	Os Mallos 1 grupo	San Diego 1 grupo	Castrillón 1 grupo

HORARIO: 11 A 13 HORAS

IMPORTE

COTA DE INSCRICIÓN: 20€.
 Esta aboarase no intre da inscrición.

PAZAS

12 prazas por taller. Precísase un mínimo de participantes por quenda e centro para realizar o taller.

RESGARDO DE PREINSCRICIÓN

O/a MENOR:

Queda preinscrito/a no Taller de inglés para a mocidade - verán 2015, nas seguintes quendas:

1ª OPCIÓN: Quenda nº Centro Cívico:

2ª OPCIÓN: Quenda nº Centro Cívico:

Número de Preinscrición:

TALLERES DE INGLÉS PARA A MOCIDADE - VERÁN 2015

Empadroad/a no Concello da Coruña: SI NON

Nome e apelidos do/da menor:

Teléfono de contacto:

Data de nacemento:

Domicilio:

Don/Dona:

Pai, nai, titor do menor, desexa preinscribilo nos Talleres de inglés para mozos e mozas -verán 2015.

1ª OPCIÓN: Quenda nº

Centro Cívico:

2ª OPCIÓN: Quenda nº

Centro Cívico:

AUTORIZO ao Concello da Coruña a consultar o Padrón Municipal para verificar os datos incluídos neste impreso. En cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase de que os datos facilitados pasarán a formar parte dun ficheiro cuxo responsable é o Concello da Coruña e cuxa finalidade é a xestión das actividades organizadas polos Servizos Sociais do Concello. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición relativos ao tratamento deste ficheiro poderá exercerse a través do Rexistro Xeral do Concello nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Número de Preinscrición:

Asinado

A Coruña, a de de 2015.